



## Acordo sobre as Ordenanzas Fiscais do Concello da Coruña

Os Grupos Municipais do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Marea Atlántica e Bloque Nacionalista Galego, diante da difícil situación pola que atravesan diversos sectores económicos da nosa cidade, nomeadamente a hostalaría, o comercio e as actividades culturais, chegan ao seguinte **ACORDO**:

1. O Goberno Municipal da Coruña asume o compromiso da redución total do 100% do pago de taxas de lixo, auga e depuración durante o período de peche de locais e negocios no ano 2021, derivado dunha decisión da Xunta de Galicia como autoridade sanitaria.
2. O Goberno Municipal da Coruña comprométese a establecer unha redución do 50%, é dicir unha cota reducida, para autónomos, micropemes e pemes nos restantes períodos do ano 2021 onde a Xunta de Galicia como autoridade sanitaria decreta peches ou restricións parciais.
3. O Goberno Municipal da Coruña abordará durante 2021 os posibles beneficios fiscais que poidan minorar o impacto da crise económica derivada da COVID-19.
4. O Goberno Municipal da Coruña porá en marcha as seguintes medidas:
  - Axilizar a execución das liñas de axudas do PRESCO.
  - Iniciar de inmediato, en diálogo cos sectores afectados e os grupos municipais, os traballos para a elaboración e aprobación das medidas de reactivación económica e social para o ano 2021.
  - Establecer nese marco unha liña específica de axudas para os establecementos afectados pola restricións horarias nocturnas, derivadas do estado de alarma, tales como salas de concerto, café-bares especiais e locais análogos.
  - Constituír unha mesa de diálogo, con participación de todos os grupos da corporación, co comercio e a hostalaría da Coruña para a avaliar o desenvolvemento do PRESCO e recoller as súas propostas e suxestión de cara a implantación de novas medidas.



5. O Goberno Municipal da Coruña comprométese a introducir na súa proposta de modificación das ordenanzas fiscais para o ano 2022 as modificacións precisas para prover dunha **bonificación do 50%** na tarifa para núcleos **familiares monoparentais**, entendidos estes coma os formados por un proxenitor ou proxenitora (nai ou pai) e un ou varios fillos ou fillas menores de 22 anos, ou cunha discapacidade dun 33% ou superior, ou incapacitados para traballar, con independencia da súa idade. Este límite de idade amplíase ata os 25 anos nos casos en que cursen estudos universitarios ou de formación profesional de grao superior ou similares.

Para dar cumprimento aos acordos aquí asinados o Goberno Municipal realizará os trámites necesarios antes do 31 de xaneiro de 2021.

Asdo. José Manuel Lage Tuñas

Asdo. María García Gómez

Asdo. Francisco Xesús Jorquera Caselas